

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: DATA LÍMITE PRESENTACIÓN SOLICITUDES FESTA SOCORRO 2025

EXPEDIENTE: 2025/U029/000018

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000403

Vista a proposta asinada dixitalmente en data 28 de agosto de 2025 pola técnica de medioambiente cuxo contido queda como segue:

“ASUNTO: INFORME- PROPOSTA

EXPTE.: 2025/U029/000018

Visto que se vai a celebrar As Festas do Socorro durante os días 4 a 8 de setembro.

Visto que é necesario o uso de dominio público para o exercicio da venda ambulante e para a realización de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Tendo en conta a Ordenanza reguladora da taxa por instalación de casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica cuxo texto modificado por acordo do Pleno do Concello de Carral, foi publicado no BOP nº19 do mércores 29 de xaneiro de 2025.

Tendo en conta as especialidades do evento organizado polo Concello de Carral

Vista a lexislación relativa á venda ambulante vixente de aplicación.

Vista a Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento, tendo en conta o contido do Decreto 226/2022 de 22 de decembro polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de empresas e establecementos.

Vista a Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades de apertura de establecementos publicada no BOP nº82 de 11/04/1997

Así como que a utilización do uso de dominio público está sometida a licenza ou concesión pola normativa de bens das administracións públicas debendo motivar o órgano competente (Xunta de Goberno Local por delegación do alcalde), a falta de licitación para ocupación de dominio público.


Unha vez feita dita motivación propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-- Establecer como data límite o 1 de setembro de 2025 para a presentación de solicitudes.

SEGUNDO.- Estas solicitudes se presentarán acompañadas das declaracións responsables que se adxuntan aprobadas mediante decreto n.º 186/2024 de data 16 de maio de 2024:

- [Declaración responsable para a montaxe e posta en funcionamento de instalacións portátiles](#)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ou desmontables, atraccións itinerantes de feira, escenarios e carpas.

- Declaración responsable para a montaxe de posto de venda, casetas de feira, postos de comida e "Foodtrucks", quioscos ou pequenas carpas.

Publicados na https://sede.carral.es/sxc/gl/sobrelasede/impresos_generales/ e dispoñibles nas oficinas do Concello

TERCEIRO.- Que polos departamentos administrativos tramitadores das solicitudes se teña en conta o criterio de data e número de rexistro de entrada para o reparto e para a colocación e ubicación dos postos e actividades na festa do pan tendo en conta os espazos dispoñibles marcados nos planos 1 e 2 que se adxuntan.

CUARTO.- Comunicar este decreto á Comisión de Festas do Concello de Carral

QUINTO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da Sede electrónica.

Carral, asinado dixitalmente na data que figura á marxe"

Á vista do devandito informe proposta (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-- Establecer como data límite o 1 de setembro de 2025 para a presentación de solicitudes.

SEGUNDO.- Estas solicitudes se presentarán acompañadas das declaracións responsables que se adxuntan aprobadas mediante decreto n.º 186/2024 de data 16 de maio de 2024:

- Declaración responsable para a montaxe e posta en funcionamento de instalacións portátiles ou desmontables, atraccións itinerantes de feira, escenarios e carpas.

- Declaración responsable para a montaxe de posto de venda, casetas de feira, postos de comida e "Foodtrucks", quioscos ou pequenas carpas.


Publicados na https://sede.carral.es/sxc/gl/sobrelasede/impresos_generales/ e dispoñibles nas oficinas do Concello

TERCEIRO.- Que polos departamentos administrativos tramitadores das solicitudes se teña en conta o criterio de data e número de rexistro de entrada para o reparto e para a colocación e ubicación dos postos e actividades na festa do pan tendo en conta os espazos dispoñibles marcados nos planos 1 e 2 que se adxuntan.

CUARTO.- Comunicar este decreto á Comisión de Festas do Concello de Carral

QUINTO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da Sede electrónica.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria accidental
Asdo.- Sonia Campos Ares